

Firmado por REBOREDA
CARREIRA ALBERTE -
***9858** el día
02/05/2023 con un
certificado emitido por
AC FNMT Usuarios



CONCELLO DE REDONDELA

Memoria xustificativa para a sinalización interpretativa do patrimonio cultural no Concello de Redondela (Pontevedra)

- **Convocatoria:** Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (BOP do 31.03.2022)
- **Expediente:** 3994/2022
- **Solicitante:** Concello de Redondela (Pontevedra)

1.- Antecedentes

Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado en sesión de data 01.07.2022, concedeuse ao Concello de Redondela unha subvención por importe de 15.675,59 euros para a realización da Sinalización interpretativa do patrimonio cultural de Redondela (expediente 3994/2022).

O 28.09.2022 a alcaldía do concello adxudicou ao arqueólogo Alberte Reboreda Carreira (NIF 76898585V) o contrato para instalar unha serie de atrís interpretativos nalgúns dos bens culturais máis sobranceiros de Redondela:

Elemento	Localización	Coodenadas
Convento de Vilavella	Praza de Pontearreas	42.27861, -8.61045
Antiga Casa do Concello	Rúa Isidoro Queimaliños nº 2	42.28368, -8.60795
Casa da Torre	Praza de Ribadavia	42.28221, -8.60857

Casa da Alfóndega	Rúa Isidoro Queimaliños / Rúa Figueiral	42.28242, -8.60842
Igrexa parroquial de Santiago	Rúa Telmo Bernárdez nº 8A	42.28318, -8.60743
Capela de Santa Mariña	Avda de Santa Mariña nº 50	42.28834, -8.60858
Viaduto de Pontevedra	Rúa Xeneral Rubín s/n	42.28588, -8.6095
Cemiterio dos Eidos	Rúa dos Eidos	42.28371, -8.60636
Villa Elisa	Rúa Miña nº 2	42.28411, -8.60983
Igrexa parroquial de Negros	Camiño do Seixo nº 3; Negros	42.25666, -8.61748

2.- Descrición do proxecto

2.1 Obxectivos e prioridades


A recuperación do patrimonio cultural e turístico é un dos sectores que poden fornecer unha oportunidade laboral no concello de Redondela, un municipio rural da **área metropolitana de Vigo**, especializado no sector primario e de servizos que posúe un importante patrimonio cultural de carácter etnográfico, arquitectónico e arqueolóxico.

As accións que o concello de Redondela materializou con cargo a esta convocatoria da Deputación Provincial consistiron nunha proposta de dinamización patrimonial entre o público xeral, unha proposta que se levou a cabo tendo a lingua galega como idioma preferente (a maiores a información estará dispoñible en castelán, portugués¹ e inglés), creando unha ferramenta informática innovadora (App) que permite acceder á caracterización arquitectónica, artística e histórica da parroquia de Redondela mediante o escaneo dun código Bidi.


O proxecto preveu a instalación **dun atril** de aceiro corten que condense os valores arquitectónicos, artísticos e históricos dunha serie de monumentos do concello. Os deseños inclúen textos descritivos sobre a historia e os valores arquitectónicos de cada un deles, así como fotografías históricas e debuxos orixinais comentados. O soporte instalouse no viario municipal, xusto no acceso a cada un destes monumentos.

¹ A tradución dos textos a este idioma non estaba prevista no proxecto, pero finalmente foi implementada sen custe algún para o Concello.

Atril modelo BDM perfil plegado junto a la base, pieza completa



Atril interpretativo en acero corten instalado en 3 dos monumentos



Atril interpretativo en aceiro corten instalado en 7 dos monumentos

Esta iniciativa foi destinada a **dinamizar e enriquecer o Camiño de Santiago**, favorecendo a aproximación da xente natural do concello e dos peregrinos que nos visitan ao un dos principais recursos patrimoniais de carácter arquitectónico e artístico do concello de Redondela, o que lles permitirá:

- a) Gañar en sensibilización respecto do coidado e preservación dos recursos e do patrimonio cultural.
- b) Favorecer a difusión e coñecemento dos recursos patrimoniais propios entre as persoas que nos visitan: a súa localización precisa, unha caracterización rigorosa, e accesible en idiomas galego, castelán, portugués e inglés.

3.- Traballo realizado

A seguir xuntamos os deseños realizados, así como as fotografías que acreditan a instalación de todos eles en forma de atril de aceiro corten.

3.1. ANTIGA CASA DO CONCELLO

ANTIGA CASA DO CONCELLO

SÉCULO XVIII

O piso superior acollía a sala consistorial, onde se reunían os edís

Un par de pilastras flanquean a fachada do edificio, conferíndolle dignidade e elegancia

A porta aparece enmarcada por oreleiras de estilo barroco e protexida por un arco escarzano

O balcón voado da fachada permitía que o alcalde e os concelleiros se dirixisen aos veciños en días destacados

Dúas xanelas enrasadas e protexidas con contras situadas a ambos lados da porta reforzan a simetría da fachada

Foi construída entre os anos 1788 e 1789 baixo a dirección de Joseph Alonso del Villar, arquitecto ou mestre canteiro (naquela altura eran sinónimos) e tivo un custe de 12 918 reais e 19 marabedis.

O proxecto, que se conserva no arquivo histórico, non menciona a procedencia do escudo municipal datado no ano 1700 - o emblema máis antigo da vila - que se instalou na contrafachada do inmoble.

Antes da construción desta casa consistorial, no seu lugar había unha Casa de Alfoly ou almacén de sal, que foi trasladado a rúa da Ribeira, un lugar máis próximo ao mar.

A casa consistorial ocupou este edificio ata a segunda metade do s. XIX, cando se trasladou temporalmente á Casa da Torre, que contaba con máis amplitude. Máis tarde, a mediados do s. XX, construíuse a actual Casa do Concello nos xardíns da alameda.

Nas reunións do Concello Pechado que celebraba nesta casa trátábanse asuntos ordinarios. A convocatoria facíase por medio dunha campá que se tocaba tres veces "según su posesión y costumbre". Daquela os membros do Concello eran un xuíz ou "Justicia ordinaria" nomeado polo arcebispo de Santiago, catro rexedores, un escribán de número, un porteiro, dous deputados do común e dous procuradores xerais que representaban os gremios de mar e de terra respectivamente. No interior do edificio gardábase unha arca de tres chaves que contiña os aforros da institución.

Planta e alzado da antiga Casa do Concello de Redondeira, trazada en 1788

Oficios

Na construción do edificio participaron ata **17 canteiros** (que tallaban a pedra ao pé do edificio baixo as ordes dun mestre de obras), **3 caneteiros** (que transportaban madeira, ferro, barro, cal e pedra á obra), **2 ferreiros** (responsables de apuntar os picos e ciceis dos canteiros, así como de forrar as retas das ventás), **1 mestre cerralleiro** (encargado de facer chaves e fechaduras), **12 carpinteiros** (artesáns dedicados a labrar trabes, portas e ventás de carballo e castiñeiro do país e taboas e pontóns de piñeiro traído de Portugal) e **7 peóns** (que realizaban os traballos non especializados como a apertura de gabias, a limpeza de entullos, etc). Todos eles percibían un salario semanal polo seu traballo.



Instantáneas do atril xa instalado





3.2. CASA DA ALFÓNDEGA

CASA DA ALFÓNDEGA

SÉCULO XVI

Pedras armeiras

Un brazo empuñando unha espada, símbolo da familia Troncoso de Lira

Un león rampante representa á liñaxe dos Ozores

Un castelo, símbolo da estirpe dos Prego de Montaos

O tronco dunha árbore, emblema da familia Troncoso

Unha cruz grega floreteada acompañada dunha estrela representa a familia dos Pereira

Seis roeis ou bezantes organizados en dous, emblema da familia Castro

Un castelo de tres torres unidas por unha hedra que se ergue sobre unha ponte de tres arcos, símbolo da familia dos Prego de Montaos

Casa fundada no século XVI polos Prego de Montaos, unha familia aristocrática de Redondela, tal e como o testemuñan as armas do escudo da fachada.


De planta trapezoidal, a fachada principal loce unha porta con forma de arco de medio punto rebaixado. A porta é o único van que se abre nos muros do piso terreo da casa, o que nos fai pensar que no pasado acolleu o almacén de cereal ao que fai referencia o seu nome.



Na fachada lateral da casa que mira á rúa Isidoro Queimaliños podemos ver unha inscrición gravada en espello que di "RbA". Para o investigador J. Migueles podería tratarse dun límite da parroquia de Reboreda, xa que cando menos desde principios do s. XVII e ata finais do s. XIX, esta rúa foi coñecida popularmente como a Rúa do Medio, dado que as casas pares dependían do cura de Reboreda e as impares de Redondela. A Casa da Alfóndega puido ser propiedade da Casa de Reboreda, á que tamén pertencían as familias nobres dos Prego de Montaos, Pereira e Castro, que locen as súas armas nos brasóns do frontis da casa.

Comercio de cereais

Etimoloxicamente alfóndega (do árabe-hispánico *alfūndaq* 'a pousada') identifica un edificio público destinado á compra-venda e depósito de cereal, maiormente trigo. Detrás deste edificio atopábase a Praza da Alfóndega, un dos espazos de socialización máis vivos no seu tempo, allí celebrábase un mercado agrícola que incluía o comercio de sementes.

Nas Ordenanzas Municipais de Redondela de 1605 estableciase que os cereais se almacenarían e distribuirían na alfóndega para a súa posterior venda ao por menor a cargo de mercaderes e tendeiros. Mentres non se venderan non se lle aplicaba ningún tipo de imposto ou arbitrio.



Deseño do atril da Casa da Alfóndega



Instantánea do atril xa instalado diante da Casa da Alfóndega



Detalle do atril xa instalado diante da Casa da Alfóndega

3.3. CASA DA TORRE

Inicialmente, o proxecto contemplaba a instalación dun único deseño, aínda que finalmente, co beneplácito de María Castro, concelleira responsable do proxecto, instaláronse dous sobre o mesmo soporte de granito que xa existía diante do monumento a fin de non sobrecargar de mobiliario urbano a praza. Os deseños que lucía o soporte de granito antes da súa renovación estaban totalmente desfasados e inservibles desde o punto de vista material.

A CASA DA TORRE

SÉCULO XVI

A Casa da Torre é un edificio defensivo de orixe medieval que foi reformado e ampliado seguindo unha tipoloxía arquitectónica señorial de estilo renacentista. Foi fundada no século XVI pola saga dos Prego de Montaos, que situou o seu brasón na fachada noroeste. Os condes de San Román tamén foron titulares deste inmoble.

Situada á beira do río Alvedosa e do antigo Camiño Real que unía Tui con Santiago de Compostela, A Casa da Torre destaca pola súa arquitectura sobria e contida. No interior da torre conserva un curioso pombal con nichos de sección rectangular.

A nómina de propietarios é tan ampla como os usos aos que se destinou. Foi, por exemplo, escola de nenos, xulgado ou Casa do Concello, un uso que tivo desde 1911 ata que se construíu o edificio actual na década de 1950. O edificio tamén acolleu as oficinas dunha empresa de autobuses e despacho de tabacos.

No interior existe unha biblioteca, unha sala de lecer e unha exposición de cerámica de Sargadelos que nos relata de maneira didáctica a historia da louza máis representativa de Galicia a través de varios exemplos orixinais.

O edificio, que é propiedade da Xunta de Galicia, funciona como albergue de peregrinos desde o ano 1999.

O escudo

O seu escudo presenta unha ponte fortificada de tres arcos elevada sobre unha cruz grega que salva un río. Sobre a ponte ergúense tres torres (a central, meirande) que aparecen unidas por unha hedra (en heráldica, un símbolo da ingratidade, xa que acaba derrubando os muros que coloniza). A bordura do escudo é vexetal. Os Prego de Montaos tiveron unha ampla presenza na bisbarra de Redondela, Vilaboa, Pontevedra e Poio.

A Casa da Torre entre os anos 1991-1995, antes da súa rehabilitación.
Fonte: do Concello de Redondela

Concello de Redondela

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Un dos deseños instalados na Casa da Torre, centrado nos valores arquitectónico e históricos do edificio

CONCELLO DE REDONDELA



Un dos deseños instalados na Casa da Torre, onde aparece a traza dos Camiños de Santiago ao seu paso por Redondela



Instantánea dos dous deseños xa instalados na Casa da Torre



Detalle dun dos dous deseños xa instalados na Casa da Torre

3.4. CEMITERIO DOS EIDOS

Neste ben cultural instalou un dos atrás de grande tamaño. Para a súa elección valorouse que o cemiterio vén de recibir un premio de ámbito estatal como o camposanto máis bonito de España na edición do ano 2022, segundo a revista Adiós Cultural.

O obxectivo deste certame era recoñecer o interese histórico, social artístico e patrimonial dos cemiterios españois, valorando o coidado dos camposantos e promovendo as súas visitas turísticas, de aí a actuación de divulgación dos valores históricos e artísticos que vimos de desenvolver.

CEMITERIO DOS EIDOS



1936
No ano 1936 o cemiterio dos Eidos estaba afastado do núcleo de poboación.



2022

Foi construído polo Concello de Redondela no ano 1865 para dar cumprimento á lexislación sanitaria, que exixía estar afastado do núcleo de poboación e situado nun lugar ben ventilado. As autoridades querían que estivese preto da igrexa e da vila para facilitar o traslado dos cadáveres e que a xente puidese visitar os seus defuntos sen percorrer longas distancias.

A distribución espacial do camposanto é a actual: planta rectangular delimitada por muros de cantaría irregular e organizado en cruz por medio de dúas rúas en forma de cruz unidas por un corredor interior paralelo ao muro de pedra. Isto dá lugar a catro sectores de igual tamaño destinados a tumbas de solo que se completaban con outros enterramentos dispostos entre o muro e o corredor. Unha capela na que se celebraban os oficios relixiosos completa o seu equipamento.

En 1872 o cemiterio foi ampliado polo sur a causa da necesidade de construír un camposanto civil, da supresión do cemiterio de Vilavella e da elevada mortalidade provocada por epidemias como a viruela.

No ano 1875 o párroco de Redondela foi denunciado por permitir que o entendedor cultivase nunha parte do cemiterio patatas, cabazos, sandías e feixiños, o que provocou a intervención do bispo.

Ata o ano 1944 non se construíu un osario destinado a acoller os restos das persoas defuntas que levaban moito tempo inhumadas. O concello tomou a decisión para evitar "as lamentacións espectaculares do esparramamento de huesos que se venían dando".



Panteóns, tumbas e mausoleos

Este camposanto conta con 724 sepulturas repartidas en 147 parcelas, algunhas delas realizadas por afamados arquitectos e canteiros. 126 desas tumbas foron escavadas na terra. A máis antiga data de 1850 e a máis moderna de 1988. O cemiterio acolle diferentes tipos de sepulturas:

1. Tumbas de solo escavadas na terra ou construídas en pedra, como as que posúen a meirande parte dos nenos e nenas que pereceron ao nacer ou pouco despois.
2. Panteóns construídos en pedra en forma de bloque de nichos tradicionais, como o que promoveu José Figueroa, emigrante redondelán en Brasil.
3. Panteóns con capela que acollen un pequeno espazo privado destinado á celebración de actos litúrxicos.
4. Mausoleos singulares como a que acolle os restos de Isidoro Quismailho (1850-1904), "médico dos pobres", alcalde de Redondela e colaborador de diferentes periódicos.

Panteón de Baldomero Táboas



Sepulcro de Otero Bilbao



Panteón de Carreira González



SÉCULO XIX

Cemiterio Civil

No ano 1864 o Concello acordou construír un camposanto "para disidentes" de apenas 10 m cadrados anexo ao cemiterio católico. Dedicou 495 pts a adquirir os terrenos necesarios e a construír un camposanto civil anexo ao dos Eidos dotado cunha entrada independente. Durante a II República (1931-1939) os cemiterios civís foron suprimidos e os defuntos foron soterrados no cemiterio principal sen facer distincións. Así, no ano 1939 o Concello de Redondela acordou integrar no camposanto católico o antigo Cemiterio Civil.

Asasinados

Neste camposanto foron soterrados algúns dos asasinados polos franquistas durante a Guerra Civil, entre eles o médico, xornalista e alcalde republicano de Redondela L. Teino Bernárdez Santiago (1888-1938), que antes de ser fusilado escribiu adiante do seu cadáver unha carta de despedida minimecedora na que lle pide que coida dos seus fillos como se fosen propios.

Un cemiterio de premio

Os Eidos foi clasificado por resolución do xefe de Estado no ano 1968. No 2020 iniciouse a súa restauración e posta en valor e, dous anos máis tarde, recibe un galardón en Madrid que o reconece como un dos cemiterios máis bonitos de España polo seu estado de conservación e os seus valores históricos e artísticos.



Instantánea do atril xa instalado no Cemiterio dos Eidos




Detalle do atril xa instalado no cemiterio

3.5. CONVENTO DE VILAVELLA

O CONVENTO DE VILAVELLA

SÉCULOS XVI-XX



Foi fundado en 1521 polo orxego García Prego de Montecó, arredado de Corveia. O convento estivo ocupado polas monxas de clausura da orde de San Lourenzo Agustinián e construíuse arredor do templo parroquial de Vilavella.

Este relixioso decidiu invadir os seus últimos na construción deste edificio na antiga freguesía de Vilavella "por ser camino público y estrada real, y porque García Prego de Montecó quixere e en su voluntad por hacer gracia e obra buena a dicha villa e porque los Santos Sacramentos e Oficios Divinos son aumentados e eno mesmo por causa de traer a camino a muchas doncellas de género que en la dicha villa y alrededor ay quiere y en su voluntad ha puesto por obra de fazer a su propia conta e espera un Monasterio de Monjas e Religiosas junto e alreodador de la dicha villa y a gataz un clero o cuatros mil ducados e que la dicha Iglesia de Santiago sea el propio cuerpo de dicho Monasterio".

As obras rematáronse en 1554, acollendo a virreinato montecó. Estivo dedicado nun principio ao apóstolo Santiago, aínda que máis tarde acabaría tendo a súa patroa a Nosa Señora da Purificación. O convento chegou a acadar a suntuosa relixiosa.

O edificio actual é o resultado dunha profunda reforma do proxecto orixinal realizada a mediados do século XX polos arquitectos, Xerardo de la Fuente Álvarez e Manuel Gómez Román.



O Campo das Monjas e o Convento de Vilavella, século XVIII (Biblioteca de Galicia)

Renda e foros

Cando unha monxa tomaba os hábitos e seis por día entregar a orde unha doze, se fora de ouro ou prata, o convento tamén recibía propiedades mediante coizas ou herentadas de persoas devotas. As relixiosas cobraban foros polo arrendamento das súas propiedades en forma de millo, trigo, cerelelo, viño, gado, etc. A administración dos seus bens, o reco e a elaboración de bordados e de doces ocupaban as súas foras.

Anegamentos

No ano 1933 un total de seis relixiosas abandonaron Redondela para trasladarse ao convento das

Franciscanas do Tula por cause das enfermidades provocadas polo exceso da humidade e dos correntes desagregamento que sufría a planta base do convento e tamén a horta, provocados polo río Maciñas.

José Otero González

En 1922 o convento e a súa horta, viñas e pradeiras, que se dividían de tres foros de auga procedentes do exterior, foron vendidos ao empresario José Otero González (1890-1968) por 120.000 pesetas.

Este conservador local decidiu comprar este edificio en recuerdo da súa avoa María Elvira que se mudara vivir con seus fillos pequenos empresarios como mandado das monxas durante varias décadas. No ano 1952 Otero González estableceu no convento o seu fogar, as oficinas da súa empresa, un almacén e un taller de

reparación e cabo diferentes reformas. Como consecuencia destas obras, as insulas de José Otero González (COG) e da súa fábrica de comestas (CB) foron do xunto co do fundador.

A súa morte, Otero González deixoulle en substitución o convento a Orde de Mosteirais, "coa obriga de dedicarse ao ensino, para o que se dispón de certa herencia da cantidade de cent mil pesetas para a súa instalación no momento". Otero González deixou aos veciños de Redondela o corpo base do convento, e pretendía ceder o superior e o campanario ás monxas.



Redondela, en Galicia. Ilustración de 1839 sobre o convento e o Convento.

Doces e lambonadas

O convento foi celebre polos doces que elaboraban as relixiosas. Ao, en 1863 o Convento de Pontevedra encargou a Iago Avendaño, a tal laborera do convento, un produto para agasallar ao Arcebispo Maximiliano de Austria, que estaba de visita na cidade. En 1867 o seu doce de froitas en almíbar foi premiado na Exposición de Produtos Agrícolas de Madrid e Pontevedra. En 1867 os doces das monxas representaron a España na Exposición Universal de París con doces en almíbar de azucre, laranxa, "marigallo", cabado de arno e noces.






Instantánea do atril xa instalado diante do antigo Convento de Vilavella

3.6. IGREXA DE SANTIAGO

Neste ben cultural instalou un dos atrís de pequeno tamaño.

IGREXA DE SANTIAGO

SÉCULO XV



Dedicada ao apóstolo Santiago, a advocación do templo evidencia o vínculo existente entre a vila redondelá e o Camiño de Santiago.

O afamado bispo Xelmírez consagrou o templo románico que precedeu ao actual no ano 1114, o que evidencia que esta igrexa era de presentación da mitra compostelá. O templo actual, construído na primeira metade do s. XV, amosa numerosos engadidos en forma de capelas, como as de San Sebastián e San Bleito, que aparecen cubertas por fermosas bóvedas de cruzaría.

A sancristía, que é de planta rectangular, está cuberta cunha bóveda de canón. Nela aparece o escudo de Redondela, coas cunchas do revés e o ano de 1714, data da finalización da obra.

Un dos elementos de máis interese do templo é a súa ábsida poligonal, cuberta por unha bóveda de cruzaría dividida en seis partes que conflúen nun centro protagonizado por unha clave. Os dous contrafortes centrais que reforzan o exterior da fachada leste da ábsida, así como os empuxes da bóveda nervada, datan do ano 1641.

"Hespaña representou ao Apóstolo Santiago á semellanza dos guerreiros da Reconquista: montado nun cabalo branco e brandindo unha espada, terror de sarracenos, que xa vencidos e derrubados no chan, tal como foi descrito por Alfonso o Sabio, na súa referencia da batalla de Clavijo. Este é o Santiago Matamouros, que se ven nas Igrexas hispanas a modo de Patrón providencial, o Patrón das Hespañas, como sempre se dixo: único caso dun Apóstolo de Cristo, representado en forma pouco evanxelizadora"

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
Sempre en Galiza. 1944.



Redondela na década de 1910. Propiedade de Luis Borines



Concello de Redondela

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Deseño do atril da igrexa de Santiago



Instantánea do atril xa instalado diante da igrexa



3.7. CAPELA DE SANTA MARIÑA

Neste ben cultural instalouse un dos atrás de pequeno tamaño. O atril físico non puido ser instalado a causa das obras de humanización que o Concello de Redondela está a acometer no contorno da capela, polo que, de acordo coa concelleira responsable do proxecto, foi depositado temporalmente na Oficina de Turismo municipal á espera de que rematen as obras ás que nos referimos.

CAPELA DE SANTA MARIÑA

SÉCULO XIX

Unha imaxe de Santa Mariña ocupou este fornelo avieirado

Un campanario de planta cadrada e arestas achafranadas coroa a fachada

Un óculo de catro lóbulos introduce luz natural no interior

Volutas curvas fan as veces de cornixas do tímpano

Corpos en forma de pilastra almofadada ocupan os entrepanos da fachada

A fachada sitúa catro pilastras de fuste acanalado flanquean a porta de acceso

Ao parecer esta ermida estivo dedicada orixinalmente ao Espírito Santo, aínda que existen referencias de principios do s. XX nas que aparece identificada como Capela das Angustias.

O espazo interior configúrase como unha nave única cuberta por unha bóveda de canón que foi reconstruída no ano 1871 por unha irmandade fundada por tres devotos varóns. Ata o ano 1904 a capela pertencía á parroquia de Cesantes e en 1910 o artista Santiago Núñez talla a imaxe de Santa Mariña que hoxe lle dá nome.

Segundo Juan Migueles, no século XIX preto da capela había unha casa dunha soa altura cunha reixa dende onde escoitaban misa os leprosos, que eran atendidos nun pequeno hospital que había na Costa da Forca, no Monte do Cuco. Cando ían á misa unha persoa os acompañaba facendo ruído para evitar que se acercara a xente.

Ata mediados do século XX, o mar chegaba ata as inmediacións desta capela.

Levántado en cantaría, trátase dun pequeno templo de planta rectangular conformado por un único volume que integra a nave e o presbiterio. Contrasta a coidada cantaría utilizada na fachada cos muros de inferior calidade que locen os paramentos laterais, **que antano estaban encalados.**

O Camiño Real

A capela sitúase á beira do antigo Camiño Real que unía Santiago de Compostela con Tui. Na vila de Redondela o camiño bifurcábase en dirección a Vigo. Esta vía de comunicación foi promovida e financiada polo arcebispo de Santiago, natural de Salcedo (Pontevedra), Sebastián Malvar y Pinto (1730-1795) e rematada polo seu sobriño Pedro A. Acuña y Malvar (1755-1813), ministro de Cámara e membro do Consejo de Castilla en tempos do rei Carlos IV.

Maio na Avenida de Santa Mariña a mediados do século XX. Ao fondo, a nosa capela. Propiedade de J. A. Xesteira

3.8. IGREXA DE SANTO ESTEVO DE NEGROS

Neste ben cultural instalouse un dos atrás de pequeno tamaño.

SANTO ESTEVO DE NEGROS

SÉCULO XVIII

Construída na segunda metade do s. XVIII, o templo presenta planta rectangular e remata nunha cabeceira cadrada, lixeiramente máis estreita que a nave, pero formando con ela un único corpo construtivo.

A igrexa aparece labrada integralmente en cantaría, con muros laterais totalmente lisos e compactos, sen contrafortes, e os da cabeceira presentan idéntico formato. Esta dependencia compórtase, en canto ao seu alzado, como unha simple continuación da nave.

Polo que respecta ao interior, a igrexa presenta unha nave única, de muros de cachotería, que se pecha mediante unha bóveda de canón, reforzada por arcos faixóns rematados en ménsulas. Un arco triunfal, de formato apuntado, dá acceso ao presbiterio, que aparece cuberto por unha bóveda de cruzaría simple. Os muros da cabeceira son tamén de cachotería, dispoñéndose no testeiro un retablo barroco.

Completa o espazo interior, un coro alto que se sitúa sobre os pés da nave.




Santo Estevo

A cultura popular cita a Estevo en distintos contextos: "Amigo Estevo, amigo Antón, pero máis amiga é a razón", en referencia á primacía da obxectividade sobre a amizade. Tamén esta outra, alusiva ao medrar dos días durante o inverno: "Por Nadal, un puliño de pardal; por San Estevo un chouliño de coello; por San Xulián un chouto de can".


Un pouco de historia

A primeira referencia documental desta parroquia data do s. XIII, cando aparece citada como Nigris. Segundo Ávila e la Cueva (1852) Santo Estevo de Negros foi anexo da parroquia de Cedeira ata o ano 1782, cando El Rey accedeu a petición do licenciado Manuel Fernández Angulo, coengo, Provisor Gobernador e vigairo xeral do Bispado de Tui.


A mediados do século XIX Negros tiña tan só 40 veciños "que corresponden por lo contencioso al Juez de Redondela, y por lo político y gubernativo á la Justicia de Mos". Os seus décimos valían 12.784 reais, dos que o párroco levaba tres cuartas partes e a fábrica do templo a cuarta parte restante.



Concello de Redondela



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA



A parroquia de Negros no Mapa Obispado de Tui de 1766



Instantánea do atril xa instalado nun lateral da igrexa de Negros



3.9. VIADUTO DE PONTEVEDRA

Neste ben cultural instalouse un dos atrís de grande tamaño.

VIADUTO DE PONTEVEDRA

SÉCULO XIX

O traballo de ferro en celosía ten unha lonxitude total de 148,5 metros de longo.

A altura dos respaldos do viaduto sobre o nivel do terreno no centro é de 26,50 m.

Nos extremos construíronse 7 arcos de pedra de 7 metros de luz.

REDONDELA. Vista xeral.

Imaxe de Antonio Dal


Imaxe do Arx. de Redondela cedida a principios do S. XX desde o viaduto.

Unha obra xigantesca.
 L. J. Foi apenas unha dúzina de anos que a vila de Redondela inspirara certa melancolía ao heróico que lendadeiro en tanto á luz do grande palio de pedra que habitaba a apoiar o viaduto de ferro que dera paso aos trens do Ourense a Vigo.
 Os seus veciños laborosos e en gran parte entregados ás faenas do mar, reparaban as suas redes á sombra dos álamos do campo da terra, vendo como os carlinhos, impertinbas nas suas faldas, saían dando-via a aquela obra xigantesca.
 "Pontevedra, a súa estrutura construída outro para o mar de Pontevedra, e hoxe, aquela edificación, que parecia móda, e a de maior movemento das illas do Pontevedra o Ourense.
 A antiga vila vive con dúas vías aéreas importantes, cicolosas, dignas da admiração dos viaxeiros (...)".

Fern de Vigo, 1884

Federico Garcia Lorca
 No ano 1910 o poeta granadino, que contaba con só 18 anos, realizou unha viaxe de estudos en tren xunto con outros compañeiros e un profesor por Castilla, León e Galicia. Ao seu paso por este viaduto, Federico escribe:
 "Redondelaaa... ¡, díxoa una voz chillona que se oye de lejos. El tren se para. ¡Por fin! Descendemos de él, aquí traspordamos. No sé qué tienen los transbordos: qué antipáticos... aunque se tenga tiempo se cree que uno va a quedar en tierra; corre que te corre... ya están las maletas colocadas; a coger los sitios (L. J.). La decoración cambia. Pasamos por el viaducto de Redondela. La ciudad se ve a vista de pájaro. Un ancho paseo con una fuente en medio donde charlotean unas muchachas; sus risas apenas se oyen. Un túnel, y qué largo... ¡ Otra vez la claridad. En este momento el paisaje es enorme."

Deseño do atril do Viaduto de Pontevedra



Instantánea do atril xa instalado diante do Viaduto a Pontevedra



Instantánea do atril xa instalado diante do Viaduto a Pontevedra

3.10. VILLA ELISA

Neste ben cultural instalouse un dos atrás de pequeno tamaño.

VILLA ELISA

SÉCULO XX

Pilastras de fuste liso flanquean o balcón principal, que dá servizo ao piso residencial

O eixe do frontis aparece coroado por unha bufarda de dobre oco con muros de granito de cantaría

As xanelas aparece dispostas de forma simétrica e gorecidas con peitoris de fundición

Esta estancia acristalada non estaba contemplada no proxecto orixinal, que a concibiu como terraza descuberta

Pilastras almofadas de orde dórica enmarcan a fachada

O andar terreo dispón de xanelas de pequeno tamaño, o que evidencia que non era un piso vivideiro

É unha das casas de estilo indiano máis importantes de Redondela, xunto con Villa Concepción ou Villa El Cairo. Foi construída en 1909 polo "rico propietario" Avelino Giráldez Pazó, emigrante redondelán en Argentina, quen lle encargou o proxecto ao arquitecto vigués Manuel Felipe Quintana. O mestre canteiro das obras foi Manuel Ruibal Solla, responsable da Casa do Concello do Porriño.

Esta casa familiar de grandes dimensións (235 m2 por planta), está situada no ensanche da vila e á beira do río Maceiras. O edificio, organizado en tres andares, destaca pola quebrada volumetría da súa cuberta, que presenta un tellado a catro augas con catro bufardas de granito balconadas de dobre oco situadas no eixe. Os alzados, todos eles enfocados e pintados, enmárcanse entre pilastras lisas e almofadadas que traban verticalmente o frontis, protagonizado por un balcón voado monumental ao que se accede a través de dúas portas de aire.

Posúe un miradoiro acristalado, orientado ao nordeste, que abre grandes ocos nas súas paredes que non figuraba no proxecto orixinal. Sobre el sitúase unha terraza protexida cunha varanda ornamental.

O terreo da casa que, orixinalmente, tiña unha enorme extensión, presenta agora un pequeno xardín organizado en socalcos de 890 m2 plantado de árbores e plantas ornamentais (roseiras, camelias, etc.). Tamén destaca a presenza dun magnolio (*Magnolia grandiflora*) e dunha palmeira de abano mexicana (*Washingtonia robusta*), unha árbore que tolera a auga salgada moi utilizada polos indianos como símbolo da orixe da súa riqueza.

Avelino Giráldez Pazó procede unha familia de orixe porriñesa, aínda que naceu en Redondela, onde casou con Demetria Fernández López, filla do propietario da afamada finca da Carambola, situada na parroquia de Reboreda. Emigrado a Argentina, residiu nas localidades de Villa María e Villa Nueva, ambas na provincia de Córdoba. De volta a Redondela, foi alcalde da vila entre 1902 e 1908 e tamén entre 1910 e 1911. En 1927 foi presidente da Unión Patriótica de Redondela.

Poseción de Avelino Giráldez Pazó Saturno Cal

Deseño do atril realizado para Villa Elisa



Instantánea do atril xa instalado diante desta casa de estilo indiano





4.- Planos


Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

-  Camiño de Santiago
-  Localización do atril



 Antiga Casa do Concello



60 m



Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

-  Camiño de Santiago
-  Localización do atril



Capela de Santa Mariña



60 m



Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

-  Camiño de Santiago
-  Localización do atril



Casa da Alfóndega



80 m




Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

-  Camiño de Santiago
-  Localización do atril



 Casa da Torre



90 m




Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

-  Camiño de Santiago
-  Localización do atril



Convento de Vilavella





80 m

Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

-  Camiño de Santiago
-  Localización do atril



Igrexa de Santiago de Redondela

Cemiterio dos Eidos


70 m




Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

 Localización do atril

Igrexa de Santo Estevo de Negros 



40 m

Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

Localización do atril



Viaduto de Pontevedra



60 m

Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

Localización do atril



Villa Elisa


60 m



Concello de Redondela

Sinalización interpretativa do patrimonio cultural

Lenda

 Localización do atril



Cemiterio dos Eidos

70 m

